



Concello de Viveiro

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns 27 de decembro 2021 N.º 295, publícase a lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX6.2/035) na Escala Administración Xeral, Subescala Administración e tendo en conta que en dita publicación se citan aos membros do Tribunal e aos aspirantes admitidos para que comparezan no Pavillón "Antonio Tarrío" sito en Avda. Martín Ledesma, s/n , o Xoves día 20 de xaneiro de 2022, ás 17:00 horas, aos efectos de realizar o primeiro exercicio da oposición.

Dada a evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e polo que se establece o seguinte protocolo para a realización da fase de oposición de dito proceso selectivo.

PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO CONTAXIO DA COVID-19 PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE ADMINISTRATIVO DA OFERTA DE EMPREGO 2018.

a) NORMAS XERAIS

Os Tribunais incorporarán ao persoal colaborador necesario para garantir as medidas de prevención fronte á Covid-19, tendo como principais funcións revisar a estado das aulas e a súa limpeza con anterioridade á celebración das probas, sinalar as aulas coas indicacións necesarias para garantir que se garden as distancias de seguridade, asegurar o uso de máscaras e a hixienización de mans, acomodar aos aspirantes, acompañalos na entrada e saída das aulas dando as instrucións precisas para, se fora preciso, evitar aglomeracións e desprazamentos masivos de persoas nos centros onde teñan lugar as probas e nas súas inmediacións e, en xeral, facilitar aquelas medidas que as autoridades competentes determinen co obxecto de minimizar os riscos de contaxio e que a desenvolvemento das probas se realice coas máximas garantías de seguridade posibles.

So se permitirá acceder ao centro onde se celebren as probas ao Tribunal, persoal colaborador e aspirantes.

Poñerase a disposición das persoas aspirantes máscaras de substitución para quen as precise, xel hidroalcohólico nos accesos e panos desbotables.

O material no que desenvolvan os exercicios será desinfectado con líquido virucida antes de entregarse as persoas aspirantes.

Os bolígrafos que se usen durante as probas serán aportados pola Entidade previamente hixienizados. Nos lugares de celebración das probas, o Tribunal, colaboradores e aspirantes deberán:

- Gardar a distancia de seguridade.
- Usar máscara.
- Hixienizar as mans.





Concello de Viveiro

- Introducir todas as súas pertenzas nunha mochila, carteira ou bolsa. Non poderán ter a teléfono móbil, reloxo dixital ou calquera outro dispositivo electrónico activado.

É recomendable que as persoas aspirantes leven xel hidroalcohólico e panos desbotables para usalos cando o consideren preciso.

b) ENTRADAS E SAIDAS DAS PERSOAS ASPIRANTES AO LUGAR ONDE SE REALICEN AS PROBAS.

As persoas aspirantes esperarán a ser chamados no lugar onde se lles indique, mantendo en todo momento a distancia persoal de seguridade e coa máscara posta, debendo presentar o DNI para a súa identificación antes de acceder ao lugar onde se realicen as probas. Unha vez identificadas, ocuparán o lugar que se lles indique, e permanecerán nel ata que o Tribunal determine o momento en que poden abandonar o lugar de celebración da proba.

c) OUTRAS INCIDENCIAS

As persoas aspirantes que estean en illamento, con diagnóstico por COVID-19 ou en corentena por contacto estreito con persoas diagnosticadas de COVID-19, non poderán acudir ao lugar de realización de exame.

Se algún aspirante mostra síntomas de contaxio da COVID-19 durante o exercicio, será levado a unha sala ou aula na que estará acompañado por un membro do Tribunal ou persoal colaborador. A persoa afectada debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia da Comunidade Autónoma. No caso de percibirse unha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar avisarase ao 112.


Se algunha das persoas que participan nas probas como membros do Tribunal ou colaboradores mostran síntomas de contaxio, deixarán o seu posto e seguirase o mesmo protocolo que o determinado para as persoas aspirantes.

O Tribunal poderá adoptar as decisións ou medidas necesarias ante calquera eventualidade que se produza, co obxecto de que as probas se desenvolvan co maior nivel de seguridade posible.



Concello de Viveiro

ANEXO I




Manteña a distancia de seguridade



Use máscara e xel hidroalcohólico



Evite aglomeracións



Utilízo unicamente as mesas habilitadas



Adiante a súa chegada ao pavillón onde se levará a cabo o proceso selectivo.





Concello de Viveiro

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o protocolo para a prevención do contaxio da Covid-19 para a realización das probas da fase de oposición no proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante Administrativo da Oferta de Emprego 2018.

SEGUNDO.- Publicar dita resolución no taboleiro de edictos dixital na sede electrónica, na páxina web do Concello de Viveiro, así como no local de realización da primeira e sucesivas probas da fase de oposición.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, os efectos do
artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)



Cod. Validación: 3KFZMGTDLTYXJCIEA5CCYECR4 | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4